



# s e l i ñ a



Nº 43

depósito legal VG-465-2016

abril-maio-xuño 2021

## Santa Mariña de Sela, terra de portelos

Coa intención de que os animais domésticos non pasasen ás hortas, e, ao mesmo tempo, para que só camiñasen as persoas cando fose estrictamente necesario e con dificultade, construíronse os portelos en época pretérita.

Decenas deles dispersos polos barrios, en eidos, en socalcos, en carreiros de pé, e algúns tamén como finalización de camiños de carro, distribúense ao longo de toda a parroquia aínda que nos últimos tempos moitos foron retirados.

Os portelos son construcións sinxelas pero efectivas para impedir o paso e ó mesmo tempo a protección de cultivos, asegurando que cabras, ovellas, bois e vacas arrasasen as veigas e os cultivos nas propiedades que se protexían deste xeito.

Son os portelos.



## Editorial.

### Cando rematará este andazo?

A humanidade está a sufrir nos derradeiros tempos un andazo sen precedentes; tal vez, o maior desde a peste negra fai algúns centos de anos. Este novo pesadelo non distingue a ricos nin a pobres, a nenos e anciáns, aínda que con estes últimos se tornase moi cruel. A mortalidade provocada polo virus chamado COVID 19 estase cebando na poboación anciá de maneira moi especial, causando unha mortalidade que sextuplica a que habitualmente se da neste grupo po- boacional.

Din que apareceu en China por unha mutación xenética provoca- da polo cambio climático que todos estamos empeñados en ace- lerar, e, neste tempo que leva entre nós, foi mutando en dife- rentes variantes e non parece que desapareza nos vindeiros anos. Veu para quedarse e debe- mos aprender a convivir coel e to- mar as debidas precaucións para que o seu desen- volvemneto sexa o máis infímo posi- ble. Todas as pre- caucións son pou- cas pero o uso da máscara, o lavado continuo das máns e o de evitar aglo- meracións en espa- cios pechados tor- nanse, polo que se sabe, as máis efi- caces.

Teñamos sentidiño


para evitar, na medida do posi- ble, os contaxios e poñámonos a traballar para que no noso medio máis cercano tratar por todos os medios de reducir a aparición de novos virus mutantes que o cam- bio climático, se non se toman medidas, vai seguir producindo. Fagamos, como contribución, un uso responsable da auga, evite- mos os plásticos, non vertamos produtos tóxicos, non usemos pesticidas e sexamos responsa- bles e contribuíamos a respetar o medio ambiente. Só dese xeito coa aportación de cada un e as medidas que tomen os gobernos seremos quén de ir amañando e reducindo o final desta civiliza- ción que non parece estar moi lonxe. Digo civilización e non pla- neta, pois este con ou sen nos vai seguir xirando arredor do sol por outros tres millóns e medio de anos máis; atópase na meta-

de da súa vida, e xa leva sufrido varias mutacións ao longo da súa existencia das que rexurdiu con outras especies. De seguro des- pois da seguinte mutación non estaremos os humanos pois non fomos quén de coidalo e mimalo polo feito de ser a casa común. Deforestación, explotación abu- siva dos recursos, contamina- ción, transformación química, creación de armas de destruc- ción masiva, perigo dunha heca- tombe atómica... Todo isto faime pensar que non somos merecedo- res do regalo co que fomos aga- sallados cando nacemos.

Fagamos algo por parar este de- traste.

Que non quede por nós.

Coidádevos.



# A propósito de mi vida o A impulsos del corazón, un texto poético inédito de Evaristo de Sela.


## (XI)

Os amo como siempre os he amado;  
ahora, porque el cielo me lo manda,  
os dejo con el cuerpo para siempre,  
mas nunca os abandono con el alma.  
El cielo me lo pide imis queridos!  
El cielo me lo pide y me lo manda.  
¡Adiós, pues, padre mío y madre mía!  
¡Adiós, pues mis hermanos! ¡Adiós, casa!  
Y entonces, traspasé con paso firme  
la puerta, en el futuro la mirada.  
-¡Adiós, dulce hijo mío! ¡Adiós hermano!...  
A un tiempo repetían los que me aman.  
Vólvime y, bendiciéndoles tres veces  
marché a donde Cristo me llamaba...

Un tren presuroso  
que corre, que avanza;  
que gime unas veces  
y que otras se para.  
Un pueblo, otro pueblo;  
los valles, montañas;  
la noche entre sombras  
camino de Francia.  
Y llanos y llanos,  
y sierras lejanas;  
y montes a vueltas  
ciudades y casas.  
Y corre que corre,  
y avanza que avanza...  
"¡Bon jour, mes amis!"  
llegamos a Hendaya.  
Después... otra vez  
camina y avanza,  
y mares y ríos  
por tierras de Francia.  
Y ronca que ronca  
galopa la máquina,  
y viene otra noche  
con otra mañana.  
Y sigue que sigue  
ya para, ya arranca;  
ya ruge, ya silba;  
ya sopla, ya calla.  
Al fin en el coche

un "quídam" exclama:  
"Nous sommes à Paris!"  
y todos se bajan.  
Y luego en el "taxi"  
mil vueltas por plazas,  
por parques, museos,  
jardines y estatuas.  
Después... otro tren  
y arrea y avanza;  
no pares, no pares  
que poco nos falta.  
Y zumba que zumba  
se acaba, se acaba...  
-¡Blandain! Mis amigos,  
lugar de llegada.  
Un coche que espera  
y hermanos que aguardan;  
y el coche que corre,  
resbala y resbala.  
¡Marquain a la vista!  
¡Eureka! Caramba;  
entre árboles belgas  
ya luce "mi" casa.  
Ya paso un portal,  
ya el coche se para;  
ya muchos Novicios  
sonrientes me aguardan .  
Señores, Señores...  
¡que dicha me embarga!  
No puedo, no puedo;  
¡no puedo contarla!

.....  
.....



# Presentación do libro *Homenaxe a Evaristo de Sela* (1917-1994)

**Intervención de Agapito Valado, presidente da Asociación Cultural Evaristo de Sela na presentación do libro na Librería Cartabón de Vigo o 19 de febreiro de 2020**

Boas tardes

Como colaborador neste libro e ó mesmo tempo como Presidente da Asociación Cultural Evaristo de Sela síntome gozoso de estar esta noite aquí, na presentación deste libro homenaxe a Evaristo de Sela, por dous motivos fundamentais; o primeiro por ser natural de Sela e conveciño, polo tanto, do homenaxeado a quen a aldea tanto lle debe; e segundo por ter a honra de presidir a Asociación cultural que leva o nome do poeta e tradutor, que tanto merecemento acadou en vida, para que se lle adicara este libro e máis aportacións sobre a súa obra das que, estou seguro, que nos vindeiros anos se van publicar.

Como escribo na conclusión da miña moi humilde aportación, coa que contribuío, a esta publicación e que titulo *A parroquia de Santa Mariña de Sela e a súa idiosincrasia rural como testemuñas da vida e inspiradoras da obra de Evaristo de Sela*; digo que: "Desde o momento que firma os primeiros escritos como Evaristo González de Sela, o poeta mimétizase en aldea e fúndese coela logrando un resultado máis que sorprendente. Podemos dicir, sen temor a trabucarnos, que Evaristo é Sela, pois de Sela son as súas raíces, de Sela o seu galego, o seu pseudónimo, e todo canto literariamente escribiu naceu en Sela, parroquia que, sen lugar a dúbidas, universalizou coa súa obra". Evaristo do Reloxeiro, como era coñecido pola veciñanza da parroquia do concello de Arbo, por ter seu pai esa profesión, adoptou como apelido o da súa parroquia de nacemento e non foi ben coñecido na súa aldea e tal vez incluso foi algo esquecido, e aínda me atrevería a dicir que repudiado, pois o feito de estar preso por defender a causa xusta da República, fixo que durante o franquismo as autoridades políticas e relixiosas meterán nos miolos dos veciños de Sela que Evaristo era un elemento perigoso. Só uns poucos na súa mais persoal intimidade recoñecían a valía intelectual e a dura experiencia vital que pasou nos cárceres e campos de concentración. Foi pasado e franquismo e, tal vez, despois da súa morte en 1994, cando a parroquia abriu os ollos a tan importante helenista, catedrático e poeta, e conseguiu un total coñecemento a partir do acto de homenaxe e ao mesmo tempo de desagravio que os veciños, xunto co concello de Arbo, presidido daquela por Xavier Simón, e a Sociedade Española de Estudos clásicos lle tributamos na súa casa natal o 27 de novembro de 2011.

Para agradecer a contribución tan especial que Evaristo fai a súa aldea natal, nomeandoa como apelido seu de por vida, non só no ámbito literario se non tamén no persoal, naceu fai vinteun anos entre os seus veciños a Asociación Cultural Evaristo de Sela, que en todo este tempo leva tratado de divulgar, a través do seu boletín trimestral *Seliña*, a obra édita e inédita deste selense que xa é universal. O *Seliña* achegase cada tres meses ós seus socios e amigos editando este boletín donde teñen cabida desde a modesta pluma de mulleres e homes de Sela como a ilustre de destacados persoeiros do mundo da cultura galega, sen esquecer, como dixen antes, a publicación de textos de Evaristo de Sela. A Asociación Cultural leva realizado múltiples actividades non só na parroquia arbense, se non en todo o sur da provincia de Pontevedra por donde imos levando ós escenarios dos diferentes pobos e concellos a nosa afección teatral desde fai cinco anos.

Hoxe, pois, con este libro homenaxe no que doce colaboradores contribuímos con sendos traballos a ensalzar a obra e a experiencia vital de Evaristo de Sela dáse un paso máis en recoñecer a súa figura literaria e de tradutor, e engrandecer así, con todo merecemento, a adicación sen descanso deste selense universal no campo das letras galegas, engrandecemento que esperamos algún día, como escribimos no derradeiro editorial o número 38 do boletín *Seliña*, que algún 17 de maio non moi lonxano, a celebración das letras galegas esté adicada ó noso homenaxeado esta noite. Perdoenme se consideran o que acabo de dicir como un atrevemento desde a miña humilde e modesta visión, neste foro que comparto con tan distinguidas personalidades do mundo da cultura, pero non podía deixar pasar a ocasión sen lanzar este reto que leva rondando na miña cabeza e así llelo levo transmitido a algúns directivos da Asociación que ten a súa sede na vella e afumada aldea, que, é rodeada polos outeiros que á abrazan baixo o monte dos Dragos e sintese acariciada polo río Miño na boca ribeira, a mesma na que fai algúns anos Evaristo pastoreaba cabras e ovellas, mentras no seu maxín ía pensando como falarían os personaxes de Homero na doce e garimosa fala dos seus veciños de Sela. Que este libro sexa o principio dunha longa lista de traballos que expertos na filoloxía grega para as súas traducións e na galega para a súa poesía se publiquen nos vindeiros anos e sirvan para estudar a obra de Evaristo de Sela e engrandecer, aínda máis, a súa figura humana e literaria.

Moitas grazas.